

# FICHA 10. Conto

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## Os dous curmáns

Un rato de campo foi á cidade visitar o curmán. Quedou sorprendido. Había moitas rúas e altos edificios. E tamén automóbiles que facían moito ruído. Só levaba un día ali, cando declarou:

–Volvo ao campo. Non me gusta a cidade. Demasiadas rúas e barullo!

No verán, o rato de cidade foi visitar o curmán do campo. Durmiu na granxa. Espertou moi cedo co canto do galo e cos berros das vacas. E protestou:

–Curmán, na aldea hai moito barullo!

Os dous ratiños riron e dixeron á vez:

–Está claro que non nos gustan os mesmos ruidos!



**1** Marca o que significa o mesmo.

Os dous ratiños son **curmáns**.

Son primos.

Son irmáns.

**2** Que produce ruído en cada lugar? Escribe.



Na \_\_\_\_\_ producen ruído

\_\_\_\_\_

No campo \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



Lingua +

Arrodea o termo que significa o contrario ca **barullo**.

velocidade

silencio

descanso

**3** A ti que che gusta máis: o campo ou a cidade?  
Por que? Escribe.

Gústame máis \_\_\_\_\_ porque

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_